

# INTRODUCCIÓN



## O TERCEIRO ANO DA POLICRISE

EMILIO PÉREZ NIETO E SANTIAGO LAGO PEÑAS  
(PRESIDENTE E DIRECTOR DO FORO ECONÓMICO DE GALICIA)

*A pandemia tivo un impacto máis intenso que a Grande Recesión, pero os seus efectos foron menos duradeiros grazas ao seu carácter esóxeno e ás políticas gobernamentais eficaces. Entre as medidas máis valoradas polas empresas están os créditos ICO e os ERTE. Somos optimistas. Pero tamén autocríticos.*

Para comprender a magnitude e intensidade da “policrise” na que estamos atrapados dende 2020, convén situala nun contexto histórico. Dende mediados do século XIX, só a caída do PIB que se produciu en 1936, polo inicio da Guerra Civil española, supera á rexistrada no ano 2020. De feito, desde 1851, só en 1868 houbo outra contracción do PIB superior ao 10% en valor absoluto, coincidindo coa primeira crise financeira do capitalismo en España e as malas colleitas daqueles anos, que xeraron un amplo malestar social e contribuíron a explicar a Revolución de 1868. En comparación, a Grande Recesión que nos azouta a partir de 2008 tivo unha caída acumulada do PIB menor, se ben foi a de maior duración historia española contemporánea. De feito, tardamos dez anos, ata 2017, en recuperar o nivel de PIB acadado en 2008.

Na pandemia, a economía galega sufriu menos que a do resto de España no seu conxunto, debido, sobre todo, ás diferenzas nas estruturas produtivas. En esencia: en Galicia o sector agroalimenta-

rio pesa máis e o turismo menos. Políticas gobernamentais como os ERTE e os créditos avalados polo ICO, inusualmente áxiles, permitiron que as empresas apostasen por estratexias de adaptación transitoria á realidade de cada rama produtiva e a evolución da pandemia, evitando o peche definitivo de empresas e un aumento masivo do paro. En comparación coa crise do COVID-19, a invasión de Ucraína e o episodio de alta inflación no bienio 2022-2023, que non é alleo aos estrangulamentos nas cadeas de subministro globais na fase de saída da propia pandemia, tiveron un impacto menor no emprego.

No que atinxe á desigualdade en ingresos, as transferencias públicas conseguiron freala, ata o punto que hoxe é máis baixa que a principios de 2020. A invasión de Ucraína non afectou significativamente neste eido, se ben é certo que a redución no poder adquisitivo das rendas nominais teñen afectado comparativamente máis ás primeiras decilas da distribución da renta, pola suba de prezos de bens

básicos como a enerxía e os alimentos. Finalmente, o endebedamento das familias e das empresas tivo patróns diferentes ao longo do tempo, cun aumento durante os períodos de crecemento económico e unha redución durante a Grande Recesión e os anos posteriores, que foron de despalancamento xeneralizado no eido privado. O sector público asumiu unha maior carga de débeda durante a pandemia e outras crises, utilizando varios paquetes de medidas para mitigar os choques económicos.

**E**n resumo, a pandemia tivo un impacto máis intenso que a Grande Recesión, pero os seus efectos foron menos duradeiros grazas ao seu carácter esóxeno e ás políticas gobernamentais eficaces. A invasión de Ucraína afectou sensiblemente aos prezos, pero non o fixo no caso do emprego e do PIB.

**C**ando o foco pasa do nivel macro ao micro, a evidencia empírica dispoñible mostra que o impacto da pandemia tamén superou con moito ao da guerra en Ucraína. A diminución da demanda foi un factor clave no impacto negativo da primeira, mentres que o aumento dos custos foi máis relevante no caso da invasión. Os cambios organizativos provocados pola pandemia foron significativos, as empresas adoptaron estratexias para reforzar a súa presenza na contorna dixital, implantaron protocolos e ferramentas dixitais, ampliaron o uso de canles en liña para interactuar

**“A PANDEMIA TIVO UN IMPACTO MÁIS INTENSO QUE A GRANDE RECESIÓN, PERO OS SEUS EFECTOS FORON MENOS DURADEIROS”**

cos clientes e fomentaron o teletraballo. En todo caso, é verdade que a normalización da situación epidémica está hoxe a reequilibrar (reducir) o uso das novas ferramentas dixitais. Fundamentalmente, porque o COVID-19 amosou as limitacións do mundo virtual nalgunhas interaccións humanas; e porque a implementación delas non foi a acaída. Dende o xeito de organizar un teletraballo que ten que estar baseado no cumprimento de obxectivos ata a dispoñibilidade de ferramentas de software e hardware. En non poucas empresas a dixitalización fíxose coa lóxica do parche e remendo para seguir funcionando e non como unha verdadeira transformación organizativa cara formatos híbridos.

ativos ata a dispoñibilidade de ferramentas de software e hardware. En non poucas empresas a dixitalización fíxose coa lóxica do parche e remendo para seguir funcionando e non como unha verdadeira transformación organizativa cara formatos híbridos.

**A**semade, entre as medidas máis valoradas polas empresas están os créditos ICO e os ERTE, considerados ferramentas imprescindibles e eficaces. En comparación, os créditos e axudas do IGAPE relacionados co lucro cesante e o incremento de custos tiveron un menor impacto e foron menos destacados no ámbito empresarial.

**S**e ollamos cara ao futuro, é o momento de falar de perspectivas de crecemento para 2023 e 2024. Pero tamén de oportunidades e retos. Nestes momentos existe un amplo consenso en que remataremos 2023 cun crecemento do PIB en Galicia e España por riba do 2% en termos reais. En concreto, o Consenso de FUN-

CAS publicado en xullo apunta ao 2,1%, tras unha suba de oito décimas respecto ao que se prevía a principios de ano. E 2024 rexistraría unha leve desaceleración, ata o 1,8%. No que atinxe aos prezos, a media da suba do IPC para o conxunto do ano será ao redor do 3,6% en 2023; baixando ata 2,9% en 2024. Acadar estes rexistros nun escenario internacional caracterizado pola rápida suba de tipos de xuro e a volta das regras fiscais na Unión Europea 2024 sería unha boa nova. Dende logo, nós o asinariamos neste momento. Sobre todo, se finalmente o INE confirma unha revisión significativa e a alza do nivel de PIB nos vindeiros meses. Algúns expertos falan de ata 8 puntos porcentuais. Isto axudaría a entender a dinámica dalgunhas variables hoxe parcialmente desenganchadas da do PIB, como son o emprego ou a recadación tributaria; e levaríanos a avaliar doutro xeito a reactivación da economía española tras da pandemia e algúns outros parámetros fundamentais da economía española.

**S**en dúbida, Galicia conta con notables vantaxes no contexto xeral de oportunidades que se presentan en Europa. A Unión Europea aposta decididamente por unha estratexia máis verde, sostible e dixital, e esta visión encaixa especialmente ben con Galicia.

**N**o eido enerxético, a combinación de produción eólica, solar, hidroeléctrica e enerxía potencial mareo-motriz sitúa a Galicia entre os líderes naturais en Europa. Porén,

**“UN DESAFÍO É  
CONSEGUIR QUE  
UNHA PARTE IM-  
PORTANTE DOS  
BENEFICIOS DA  
PRODUCCIÓN DE  
ENERXÍA QUEDE EN  
GALICIA”**

hai tres retos importantes que se deben abordar para maximizar os beneficios e minimizar os custos da transición enerxética. O primeiro é a necesidade dunha coidada planificación para evitar unha instalación desordenada de parques enerxéticos que poña en risco outras actividades produtivas, a paisaxe e o benestar dos galegos. O segundo reto é que Galicia debe ir máis alá de seren un espazo para a instalación de muíños de vento ou placas solares e aproveitar a oportunidade para desenvolver un complexo industrial neste eido, incluíndo as actividades de investigación e desenvolvemento, tamén no eido do proceso de descarbonización da economía en curso. Isto podería converter o sector enerxético nun piar produtivo fundamental para Galicia, á altura da automoción ou da confección-téxtil. O terceiro desafío é conseguir que unha parte importante dos beneficios da produción de enerxía quede en Galicia. Dar prioridade aos investidores galegos públicos (Xunta e concellos) e capital galego nos novos proxectos enerxéticos podería ser o xeito de facelo.

**E**n canto á dixitalización, esta pode ser unha gran oportunidade para rexións periféricas e medianas como Galicia. A mellora das infraestruturas de rede, como os centros de datos e os cables submarinos, xunto cunha ambiciosa estratexia de colaboración entre universidades, empresas e administracións públicas, poderían situar a Galicia como un espazo atractivo para

## “GALICIA PODE DESTACAR POLO SEU POTENCIAL ENERXÉTICO, POLA EXPANSIÓN DA DIXITALIZACIÓN, E POLA PRODUCCIÓN AGROALIMENTARIA”

os investimentos no sector TIC. No eido da alimentación de calidade, o sector agroalimentario galego é forte, pero é importante mellorar o aproveitamento dos recursos e a promoción de produtos de alto valor engadido. Isto inclúe abordar a existencia de solos fértiles abandonados e a aposta pola trazabilidade, a sustentabilidade e as etiquetas de agricultura ecolóxica para diferenciar os produtos. Finalmente, a sustentabilidade ambiental e a economía circular son aspectos clave na Unión Europea e repercutirán na competitividade dos países. Galicia debe implantar de forma ambiciosa a súa estratexia neste sentido, identificando e dando pulo a iniciativas innovadoras que utilicen os residuos de forma eficiente e xeren coñecemento valioso para exportar a outros territorios semellantes.

**E**n síntese, Galicia ten a oportunidade de destacar no escenario europeo polo seu potencial enerxético, pola expansión da dixitalización, e pola produción agroalimentaria de calidade ao abeiro da aposta pola sustentabilidade.

**S**omos optimistas. Pero tamén auto-críticos. A carón de todo o anterior, hai que facer mención da lista de deberes pendentes. Temos unha integración insuficiente da universidade coas administra-

cións públicas, a sociedade e a empresa. O Sistema Universitario Galego (SUG) debe converterse no cerebro auxiliar das institucións públicas e privadas, para aproveitar o gran talento que temos nas primeiras e as necesidades crecentes das segundas, a medida que o entorno se fai cada día máis complexo. Tamén hai que apoiar máis aos emprendedores: non podemos perder nin unha boa idea polo camiño. Temos que reducir significativamente a burocracia que paraliza sen aportar ningún valor engadido en seguridade ambiental, laboral ou doutro tipo. A experiencia demostra que non chega con mudar leis. Hai que trocar radicalmente a cultura e organización dentro da administración pública para que esta non sexa un freo ao dinamismo dos tecidos empresarial e social galegos. Urxe promover o crecemento do tamaño medio das nosas PEMES; sendo conscientes de que as empresas familiares son especialmente relevantes e Galicia: son a nosa base produtiva e a aposta por elas é obrigado. No eido do turismo, a evolución das cifras de visitantes son boas. Pero elo non debera agochar as súas eivas e feblezas e a necesidade de planificar máis. Finalmente, non podemos rematar sen facer referencia á necesidade de finalizar a conexión ferroviaria das nosas cidades para gañar masa crítica, non quedar fora do corredor atlántico de mercadorías e coordinar os nosos aeroportos e portos.

**V**aloremos canto avanzamos no último século. Pero sexamos máis ambiciosos. Se nos poñemos a elo, a dez anos vista poderíamos estar xa por riba da renda per cápita media española, cun país máis fermoso, rexuvenecido e máis dinámico no ámbito económico e social.

